

### **Art. 3.º. Elaboración de novas listas de agarda por convocatorias de ingreso.**

-Concurso de méritos: A puntuación por este concepto virá dada pola suma dos seguintes apartados:

1.-Por servizos prestados na administración como funcionario no mesmo corpo, escala e subescala

Ou como persoal laboral na mesma categoría profesional: *1 punto por mes ata un máximo de 24 puntos.*

2.-Por cursos de formación, relacionados cos contidos das prazas a desempeñar, e impartidos pola Administración Pública (entendendo por tales as administracións territoriais e as que teñen competencias educativas, as organizacións sindicais e empresariais dentro do marco dos programas de formación continua do Map ou FORCEM e as asociacións de entidades locais) ou homologados polas anteriores:

*Valoraranse 0,06 puntos por hora de formación recibida,*

*Se se tratase de monitores ou docentes destes cursos, a valoración será de 0.03 puntos por hora impartida.*

3.-Por posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso, computándose soamente o título de maior nivel dos alegados.

- Título de doutor: *4 puntos.*

- Título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: *3 puntos.*

- Título de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado universitario, ciclo formativo de grao superior: *2 puntos.*

- Título de bacharelato superior, ciclo formativo de grao medio ou equivalente: *1 punto.*

4.-Coñecemento da lingua galega.

a) Para listas correspondentes a prazas dos grupos A1, A2 e C1 (anteriores grupos A,B e C) Valorarase con *1 punto estar en posesión do nivel Celga 4 ou superior* (anterior curso de perfeccionamento).

Para acceder a listas correspondentes a prazas dos grupos C2 e C3 sen esixencia de titulación (anteriores grupos D e E) valorarase con *1 punto a posesión do nivel Celga 1 ou superior* (anterior curso de iniciación).

b) Curso de especialización de linguaxe administrativa galega para a administración local, expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística:

Nivel inicial ou básico: *0,50*

**Nivel medio: 1.00**

**Nivel superior ou especialización: 2.00**

Só se puntuará o de nivel superior acreditado.

**5.-Pola inscrición acreditada como demandante de emprego nos últimos dous anos , ata 1 punto: 0,08 por cada mes completo ou fracción superior a quince días.**